



Facultade de Ciencias da Educación

Traballo de
fin de grao

O movemento corporal como recurso de aprendizaxe nas aulas de educación primaria

Antía Albarelos Graña
Javier Rico Díaz

Xuño 2023

O movemento como recurso de aprendizaxe nas aulas de educación primaria

El movimiento como recurso de aprendizaje en las aulas de educación primaria

Movement as a learning resource in primary education classrooms

Resumo

O movemento corporal pode xerar beneficios para a saúde ao incentivar a práctica de actividade física e pode converterse nun recurso educativo de relevancia nas aulas.

Este Traballo Fin de Grao ten como obxectivo coñecer a presenza ou non de movemento corporal, como recurso de aprendizaxe nas aulas galegas de educación primaria, e a valoración que se ten deste entre o profesorado en activo da etapa, como elemento transversal nas aulas.

Este traballo de iniciación á investigación de campo, analiza os datos recollidos a través dun cuestionario elaborado ad hoc para este estudo e aplicado a unha mostra de 160 docentes que exercen en Galicia. Os resultados obtidos reportan que o 86.88% do profesorado emprega o movemento nas aulas e a gran maioría outorga unha valoración moi positiva á importancia que ten este en diferentes situacións de aprendizaxe. Atopáronse diferenzas estatisticamente significativas entre o profesorado que emprega e non emprega o movemento nas aulas, respecto da valoración que lle da ao seu uso en diferentes materias e aos seus beneficios, cunha valoración superior por parte do que xa o usa. Parece importante incentivar a presenza, na formación inicial e continua do profesorado, de estratexias que favorezan a presenza do movemento corporal nas aulas.

Palabras chave: movemento corporal, recurso educativo, aprendizaxe, actividade física, educación primaria.

Resumen

El movimiento corporal puede generar beneficios para la salud al incentivar la práctica de actividad física y puede convertirse en un recurso educativo de relevancia en las aulas.

Este Trabajo Fin de Grado tiene como objetivo conocer la presencia o no de movimiento corporal como recurso de aprendizaje en las aulas de educación primaria, y la valoración que se tiene de este entre el profesorado en activo de la etapa, como elemento transversal en las aulas.

Este trabajo de iniciación a la investigación de campo analiza los datos recogidos a través de un cuestionario elaborado ad hoc para este estudio y aplicado a una muestra de 160 docentes que ejercen en Galicia. Los resultados obtenidos reportan que el 86.88% del profesorado emplea el movimiento en las aulas y la gran mayoría otorga una valoración muy positiva a la importancia que tiene este en diferentes situaciones de aprendizaje. Se encontraron diferencias estadísticamente significativas entre el profesorado que emplea y el que no emplea el movimiento en las aulas, respecto a la valoración que le da a su uso en diferentes materias y a sus beneficios, con una valoración superior por parte del que ya lo usa. Parece importante incentivar la presencia, en la formación inicial y continua del profesorado, de estrategias que favorezcan la presencia del movimiento corporal en las aulas.

Palabras clave: movimiento corporal, recurso educativo, aprendizaje, actividad física, educación primaria.

Abstract

Body movement can generate health benefits by encouraging the practice of physical activity and can become an important educational resource in the classroom.

This Final Degree Project aims to find out whether body movement is present as a learning resource in primary education classrooms, and how it is valued by active teachers at this stage, as a transversal element in the classroom.

This introductory work to field research analyses the data collected through a questionnaire developed ad hoc for this study and applied to a sample of 160 teachers working in Galicia. The results obtained report that 86.88% of teachers use movement in the classroom and the vast majority give a very positive assessment of the importance of movement in different learning situations. Statistically significant differences were found between teachers who use movement in the classroom and those who do not, in terms of the value they give to its use in different subjects and its benefits, with a higher value being given to those who already use it. It seems important to encourage the presence, in initial and in-service teacher training, of strategies that support the presence of body movement in the classroom.

Keywords: body movement, educational resource, learning, physical activity, primary education.

Índice

Resumo	3
Resumen	4
Abstract.....	5
Índice.....	6
Índice de abreviaturas	8
Índice de táboas.....	9
Índice de figuras.....	10
Introdución.....	11
Desenvolvemento do traballo	13
1. Marco teórico.....	13
1.1. Actividade física e saúde.....	13
1.2. O movemento corporal na normativa educativa	15
1.3. O movemento corporal desde o punto de vista pedagóxico	16
1.4. O movemento como ferramenta de aprendizaxe.....	18
2. Obxectivo.....	21
3. Poboación e Mostra	21
4. Instrumento e Materiais	22
5. Procedemento.....	22
5.1. Análise dos Datos.....	23
6. Resultados	24
6.1. Centro educativo	24
6.2. Perfil do Profesorado.....	25
6.3. Valoración Xeral do Emprego do Movemento Corporal nas Aulas de Educación Primaria	27

6.4. Emprego do Movemento nas Aulas de Educación Primaria	29
6.5. Non Emprego do Movemento nas Aulas de Educación Primaria.....	30
6.6. Formación do profesorado	31
6.7. Relacións entre as respostas do profesorado que emprega o movemento nas aulas e o que non o fai	32
7. Discusión	35
Conclusión.....	38
Limitacións no estudo e futuras liñas de investigación	38
Contribución á Mellora das Competencias Profesionais	39
Referencias Bibliográficas	41
Anexos.....	48
Anexo I: Cuestionario	48

Índice de abreviaturas

OMS: Organización Mundial da Saúde

EP: Educación Primaria

EI: Educación Infantil

EF: Educación física

CA: Comunidade Autónoma

AF: Actividade física

DT: Desviación Típica

M: Media

fi: Frecuencia absoluta

ni: Frecuencia relativa

Índice de táboas

Táboa 1. <i>Distribución da mostra en función do xénero e da idade do profesorado</i>	21
Táboa 2. <i>Frecuencias do número total de alumnado do centro</i>	25
Táboa 3. <i>Función docente principal da mostra no centro actual</i>	26
Táboa 4. <i>Cursos nos que imparten docencia os e as especialistas da mostra</i>	27
Táboa 5. <i>Valoración xeral sobre o emprego do movemento corporal en diferentes situacións $f_i(n_i)$</i>	28
Táboa 6. <i>Valoración da influencia do movemento en determinadas cuestións</i>	29
Táboa 7. <i>Frecuencia coa que a mostra emprega o movemento na aula</i>	29
Táboa 8. <i>Motivos polos que o profesorado emprega o movemento nas aulas</i>	30
Táboa 9. <i>Motivos polos que o profesorado non emprega o movemento nas aulas $f_i(n_i)$</i>	31
Táboa 10. <i>Formación recibida pola mostra relacionada co movemento corporal</i>	31
Táboa 11. <i>Diferencias sobre a valoración do uso do movemento en determinadas materias entre o profesorado que o utiliza e o que non</i>	33
Táboa 12. <i>Relación da valoración que lle da o profesorado que emprega o movemento corporal e o que non aos beneficios que ten empregar o movemento na aula</i>	34

Índice de figuras

Figura 1: *Distribución dos centros da mostra segundo a contorna* 24

Figura 2: *Cursos titorizados polo profesorado titor* 26

Introdución

O movemento corporal é algo propio do ser humano, e que se fai dende o nacemento ata a morte; non é de estrañar, polo tanto, que sexa unha das necesidades propias da infancia, e que contribúa ao desenvolvemento integral de nenos e nenas (Nielsen et al., 2020). Numerosos autores (Bolaños, 2006; Chandeler e Tricot, 2015; Doherty e Forés, 2020; Mazzucca et al., 2018; Moreno et al., 2013; Nielsen et al., 2020; Serrano et al., 2008; Supartini et al., 2020) falan sobre a importancia do movemento corporal nas primeiras idades e sobre os beneficios cognitivos, emocionais e sociais que aporta o seu emprego nas aulas. Porén, nas escolas, o movemento está restrinxido a determinados momentos e espazos, como son os recreos, as entradas e saídas da escola, a materia de música e danza e a de educación física (EF); ademais, adoita estar ligado ás primeiras idades, polo que conforme se sube de curso, menos tempos de movemento hai na aula (Learreta e Ruano, 2021; Vaca, 2007).

Por todo elo e unha vez analizada a bibliografía revisada sobre a integración do movemento nas aulas, considerouse interesante realizar unha investigación de campo para coñecer o emprego do movemento corporal como recurso de aprendizaxe nas aulas de educación primaria (EP) da Comunidade Autónoma (CA) de Galicia.

Para a realización da investigación elaborouse un cuestionario ad hoc, difundido entre a comunidade de profesorado de EP exercente en Galicia e ao que respostaron 160 docentes. Pretendíase coñecer a súa visión e valoración sobre o movemento corporal nas aulas, se o empregaban ou non e de que forma. Asimesmo, tamén se lles preguntaba sobre os motivos que levaban a mestres e mestras a empregar ou non o movemento na aula, en que momentos do día, para que, etc. Finalmente tamén informaban sobre a formación recibida sobre o tema obxecto de estudo e se esta inflúe ou non á hora de empregar o movemento corporal como ferramenta de aprendizaxe.

Este traballo estrutúrase do seguinte xeito. En primeiro lugar preséntase un marco teórico no que se tratan aspectos relacionados co movemento; un primeiro apartado sobre os beneficios da actividade física (AF) para a saúde, outro sobre a normativa educativa existente en relación co movemento corporal nas aulas, un terceiro sobre o movemento corporal dende

o punto de vista pedagógico, falando de diferentes autores e un último apartado sobre o movemento como ferramenta de aprendizaxe nas aulas.

Tras esta fundamentación teórica, preséntase o obxectivo principal do traballo e explícase a poboación, mostra e os instrumentos e materiais empregados. Sinálase tamén o procedemento seguido para a elaboración do traballo, a análise dos datos realizada e os resultados obtidos, dando paso posteriormente á discusión. Finalmente, expóñense as conclusións do estudo realizado, as limitacións da investigación, futuras liñas de investigación e a contribución á mellora das competencias profesionais do grao.

Desenvolvemento do traballo

1. Marco teórico

1.1. Actividade física e saúde

A Organización Mundial da Saúde [OMS] (2014) define a saúde como “estado de completo benestar físico, mental e social e non soamente como ausencia de afeccións ou enfermidades”. Á vista desta definición parece que para a OMS a AF pode xogar un papel importante na saúde da poboación, entendendo aquela como “calquera movemento corporal producido polos músculos esqueléticos, co conseguinte consumo de enerxía” (OMS, 2022); é dicir, fai referencia a todo o movemento que realiza unha persoa: ocio, desprazamentos, traballo... (OMS, 2022). De tal xeito, a AF é recoñecida como un dos determinantes para manter a saúde e para mellorar a calidade de vida das persoas, sen importar a súa idade (Chen e Lee, 2013). Contribúe a mellorar non só a saúde física senón tamén a mental das persoas que a practican, ademais de favorecer o seu benestar e actuar como prevención e cura de moitas enfermidades (Gualdi-Russo e Zaccagni, 2021). En todo caso, para que a AF teña un impacto positivo na saúde debería realizarse de forma regular, se se pretenden acadar eses beneficios intrínsecos que conleva a realización de movementos. Non obstante, é importante ter en conta as características e limitacións das persoas que a practican, xa que o non coñecelas, pode supoñer que a realización de actividades ou esforzos para os que unha persoa non está preparada, sexa contraproducente, podendo supoñer un risco para a saúde (Romero, 2003).

Así mesmo, a realización de AF de forma regular e non como algo excepcional, ten un impacto positivo en diferentes trastornos como pode ser a depresión ou a ansiedade e reduce amplamente os niveis de estrés; polo que é completamente necesaria para vivir en saúde (Gualdi-Russo e Zaccagni, 2021). Neste sentido, a OMS (2022) destaca que a práctica regular de AF axuda a previr e controlar diferentes enfermidades, a manter un peso saudable e a mellorar a saúde mental, calidade de vida e benestar, ademais de evitar, nun 50% o risco da maioría de desordes relacionados coa inactividade (Cintra e Balboa, 2011). Autores como Márquez (1995), Romero (2003), González (2004), Loreto (2004) e Pérez et al. (2015) salientan

os moitos beneficios atribuídos á AF, diferenciando tres tipos de efectos diferentes na influencia da AF na saúde: a acción preventiva, a función rehabilitadora e os efectos sobre o benestar (González, 2004).

En canto á acción preventiva realizada pola AF regular, pódense destacar os seguintes beneficios (Pérez et al., 2015; González, 2004):

- Mellora dos sistemas corporais:
 - Cardiorrespiratorio: aumento do consumo máximo de osíxeno, redución da frecuencia cardíaca, maior eficiencia do músculo cardíaco...
 - Músculo-esquelético: aumento da súa capilarización, aumento da forza muscular...
 - Metabólico: aumento do metabolismo, contrarresta a obesidade...
- Diminución de factores de risco asociados a: enfermidades cardiovasculares, diabetes e tensión arterial alta.
- Control do sobrepeso e obesidade.

Centrando o foco de atención na función rehabilitadora da AF segundo Pérez et al. (2015), dividimos os beneficios en dous subgrupos:

- Beneficios biomédicos: recuperación de problemas cardiovasculares, lesións, accidentes... Aumento da mineralización dos ósos e diminución do risco de padecer osteoporose.
- Beneficios psicolóxicos: reduce os niveis de ansiedade, estrés e depresión; aumenta a autonomía, a integración social, a autoestima, mellora o estado de ánimo e proporciona benestar psicolóxico.

Por último, en canto aos efectos que pode ter a práctica da AF regular sobre o benestar das persoas, Pérez et al. (2015) destacan: boas relacións sociais, sentido de pertenza a un grupo ou comunidade, mellora da auto imaxe e seguridade en si mesmo/a, mellora a maduración do sistema nervioso motor e aumento das destrezas motrices, mellora o rendemento escolar e a sociabilidade, aumenta a capacidade de facer cousas por un mesmo, satisfacción e diversión.

Concretando a etapa na que situamos esta investigación, na infancia e adolescencia a AF regular mellora, segundo a OMS (2022), o estado físico de quen a practica (muscular e cardiorrespiratorio), a saúde cardiometabólica, a saúde ósea, os resultados cognitivos (desempeño académico e función executiva), a saúde mental (reduce os síntomas de depresión) e reduce a adiposidade.

1.2. O movemento corporal na normativa educativa

O movemento corporal, dende o nacemento, é fundamental para o desenvolvemento integral do ser humano; axudando a aprender e lograr unha maior capacidade de rendemento en todas as áreas; social, intelectual, motora e emocional. Polo tanto, é imprescindible que, dende a educación, se fomente e se integre nas escolas (Bolaños, 2006).

Na normativa educativa contéplase o movemento como un elemento transversal a desenvolver durante toda a etapa da EP. No *Real Decreto 157/2022, de 1 de marzo, por el que se establecen la ordenación y las enseñanzas mínimas de la Educación Primaria* establécese a escola como un lugar educativo privilexiado para desenvolver e contribuír ao benestar das nenas e nenos, axudando á formación, entre outros aspectos, en AF. Para lograr isto, na Disposición adicional cuadraxésima sexta. Promoción da actividade física e alimentación saudable, menciónase a importancia de que o alumnado adopte hábitos saudables como son a práctica diaria de deporte e exercicio físico e a mobilidade activa, para reducir o sedentarismo, especificando que nos centros escolares deberíanse impulsar actividades en espazos abertos e zonas naturais durante a xornada escolar.

En canto á CA de Galicia, no *DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*; un dos principios pedagóxicos (o número 10), establece que todas as áreas do currículo escolar, deberán promover a educación para a saúde, dentro da que se engloba a AF e o movemento. Por outra banda, o artigo 35. Promoción de estilos de vida saudables establece a obrigatoriedade dos centros de incluír, dentro do Proxecto Educativo, un plan de actividades físicas e hábitos saudables, co obxectivo de integrar a práctica diaria de deporte e exercicio físico durante a xornada escolar.

Destacar tamén que, entre os obxectivos de etapa, establecidos en ambas normativas, o k) recolle de forma explícita o papel da EF e o deporte no desenvolvemento persoal e social:

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

Por último, e de forma máis concreta, no *DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.*, fálase do movemento como recurso ou estratexia de ensino-aprendizaxe nas áreas de EF e de música e danza, empregándoo como elemento transversal e integral para o desenvolvemento doutros aspectos, como pode ser a expresión corporal.

1.3. O movemento corporal desde o punto de vista pedagóxico

As metodoloxías que empregan o movemento como elemento transversal nas aulas fomentan unha aprendizaxe vivencial e significativa baseada na experimentación e manipulación, ademais de contribuír á interacción do alumnado cos seus iguais; isto fai que os propios nenos e nenas sexan protagonistas da súa aprendizaxe. Tal e como sinalan Learreta e Ruano (2021), o emprego de movemento nas aulas non é algo novidoso, aínda que volva a estar presente na educación, senón que tivo moita presenza noutros momentos da historia, e noutras correntes educativas que sentaron as bases das actuais, como poden ser as de autores como Dewey, Decroly, Montessori, Freinet, Freire, etc.

Dewey (1938/2020), por exemplo, falaba da dimensión física da actividade e das limitacións que padece debido ás aulas tradicionais nas que o alumnado unicamente pode moverse baixo certos sinais acordados previamente e, que frea enormemente a liberdade física, intelectual e moral das nenas e nenos (Dewey, 1938/2020). Montessori, por outro lado, identificou as chamadas tendencias humanas, entre as que destacamos o movemento; que axudan á predisposición cara a aprendizaxe, polo tanto, se o ambiente permite e favorece a manifestación das diferentes tendencias humanas, as actividades de aprendizaxe serán máis significativas (Juliá, 2012).

A pesar da presenza que tivo o movemento no pensamento pedagóxico da sociedade, a evolución das escolas tras estas correntes, foi cara un modelo máis academicista, no que as clases maxistras e as leccións expositivas convértense no habitual nas aulas; sendo o docente o protagonista do método de ensino aprendizaxe e o alumnado un mero receptor pasivo, sentado no pupitre e con poucas posibilidades de movemento e de interacción (Learreta e Ruano, 2021).

Esta ausencia de movemento pódese relacionar coas corporalidades existentes durante o horario escolar en EP, no que se reparte o tempo en función das materias do currículo (Vaca, 2007). Neste senso, dicir que predomina o corpo silenciado, entendido como o que non conta coa liberdade suficiente para expresarse con naturalidade, é dicir, un corpo que reprime e ignora a súa necesidade de movemento (Learreta e Ruano, 2021). O corpo instrumentado, aquel que emprega a capacidade de movemento e o propio corpo para explicar conceptos e construír aprendizaxes de forma transversal, é o que predomina en Educación Infantil (EI), pero, en EP non se contemplan tempos para isto (Vaca, 2007).

Outro dos motivos polos que o movemento se afastou das aulas ordinarias e se desprazou unicamente á área de EF foi a visión que ten deste a sociedade. A dimensión motriz ten, dentro da aula, un status moi baixo xa que se considera algo infantil que non debería ter cabida nas aulas de cursos superiores, contribuindo á redución do movemento conforme se sube de nivel; xa que as ensinanzas son, cada vez máis serias (Learreta e Ruano, 2021). Contémplanse o corpo e o movemento, como un lastre ou algo que domesticar; polo que non adoitan ter cabida nas diferentes materias, porén, accións que realizan os nenos e nenas e que son aparentemente superficiais (tocar, xesticular, saltar, desprazarse...), teñen un alto valor educativo e abranguen unha gran complexidade cognoscitiva (Moreno et al., 2013); aínda que a sociedade as considere como unha perda de tempo nos cursos de EP.

En EP a música, os desprazamentos polo espazo, os xogos, a actividade motriz... saen das aulas e sitúanse noutras materias específicas (música e danza e EF) e noutros espazos destinados a ese uso (ximnasio, patio, pavillón, talleres...). Nas aulas desta etapa predominan os pupitres individuais en fila ou, nalgúns casos, formando pequenas agrupacións, pero non hai espazos amplos destinados ao movemento; en cambio, nas aulas de infantil, os espazos adoitan estar pensados para realizar actividades en movemento, socializar con outros compañeiros/as,

sentarse no chan... Este é, polo tanto, outro dos motivos que contribúe á escaseza ou ausencia de movemento na escola (Doherty e Forés, 2020; Learreta e Ruano, 2021).

Porén, o movemento está ligado, indiscutiblemente aos procesos de ensinanza-aprendizaxe e aportan numerosos beneficios na aprendizaxe (Bolaños, 2006; Chandler e Tricot, 2015; Mazzucca et al., 2018; Doherty e Forés, 2020; Supartini et al., 2020; Learreta e Ruano, 2021). O movemento, non só o libre, senón aquel guiado nas diferentes experiencias, xogos, actividades físicas e deportivas, constitúe unha parte indispensable da vida dos máis pequenos, satisfacendo a necesidade dos nenos e nenas de actividade, exploración e diversión. Polo tanto, a aprendizaxe das diferentes áreas e materias académicas debe adaptarse a estas necesidades, empregando o movemento e o xogo como elementos fundamentais nas aulas (Serrano et al., 2008). Ademais, a través do movemento físico, o ser humano pode aprender e lograr unha maior capacidade de rendemento nas diferentes áreas (Bolaños, 2006). Tal e como afirman Doherty e Forés (2020), cando as e os docentes recoñezan e honran a necesidade de movemento nas aulas e na escola, o alumnado estará máis predisposto a aprender e desfrutar aprendendo.

A aprendizaxe máis significativa aparece nas propias vivencias, moitas veces corporais; o ser humano, e máis concretamente os nenos e nenas, atenden con máis facilidade cando os conceptos aparecen asociados a vivencias de carácter motriz. Relacionar corpo e coñecementos fai que sexan máis sinxelos de comprender e lembrar no futuro, polo que contribúe enormemente á aprendizaxe (Chandler e Tricot, 2015; Learreta e Ruano, 2021).

1.4. O movemento como ferramenta de aprendizaxe

Existen diferentes formas de integrar o movemento nas aulas; as dúas estratexias principais serían as clases fisicamente activas e os descansos activos (Méndez-Giménez, 2019). As primeiras empregan o movemento como reforzo para os contidos académicos, conectándoos directamente con algunhas actividades físicas. Os descansos activos, pola contra, empregan o movemento como recuperación da carga de traballo académico do día a día á que se ven sometidos os alumnos e alumnas, sen necesidade de conectalo cos contidos curriculares (Méndez-Giménez, 2019). A pesares desta diferenza, as dúas estratexias poden mesturarse,

realizando descansos activos que amosen unha relación cos contidos impartidos nas clases teóricas (López-Gajardo et al., 2020).

Os descansos activos xorden da necesidade de combater o sedentarismo existente na sociedade, a través das escolas e non só na materia de EF. Esta estratexia consiste na aplicación de breves píldoras de AF (Peláez-Flor e Prieto-Ayuso, 2021) integradas no horario escolar e que contribúen a mellorar o rendemento cognitivo, a atención, a concentración e a memoria (Pastor-Vicedo et al., 2021). Estes empregan o movemento para romper as longas xornadas sedentarias escolares e contribuír tamén á motivación do alumnado nas aulas (Méndez-Giménez, 2019)

Hai diferentes programas de descansos activos dedicados á promoción da AF nas escolas; a nivel internacional, por exemplo, destaca Take 10!, levado a cabo en EEUU, China, Reino Unido, Brasil ou Chile; a nivel nacional, coñecense algúns como Móvete 10!, Proyectos Escolares Saludables, Descansos Activos promovidos pola comunidade de Castela A Mancha ou Aprendo Moviéndome (Peláez-Flor e Prieto-Ayuso, 2021).

Outra forma de fomentar o movemento nas aulas é a través da expresión corporal; un medio de comunicación que emprega o corpo e o movemento para interaccionar cos demais, co entorno e cun mesmo/a. Trátase dunha linguaxe fundamental para o desenvolvemento integral do ser humano (Blanco, 2009) e que implica traballo físico, mental e creativo, baseándose na individualidade do xesto, da expresión e do movemento (Rodríguez-Barquero, 2008). Aínda que sexa un contido específico das áreas de EF e música e danza, o emprego desta estratexia co alumnado contribúe ao desenvolvemento da imaxinación, aprendizaxe cooperativo e coñecemento dun mesmo, entre outros, polo que é un recurso que se debería integrar de forma habitual no resto de materias (Arribas-Galarraga et al., 2019).

Algúns exemplos de como integrala nas aulas poden ser:

- A realización por parellas de movementos seguindo o ritmo da música segundo o que esta lles transmita (García Monge et al., 2007).
- Adiviñar as películas representándoas sen describir letras, números e sen emitir sons (García Monge et al., 2007).

- Imitar animais (ditos en inglés) e agruparse segundo o número que di a docente cando para a música (García Jiménez et al., 2012).
- Facer mímica con expresións en inglés aprendidas nas sesións teóricas (García Jiménez et al., 2012).
- Realizar un taller de danza no que se relacione o movemento, coas máscaras creadas e coa música (Probst, 2008).

Por último, non se pode esquecer o xogo como ferramenta de ensino-aprendizaxe, que ten un papel fundamental no desenvolvemento integral das nenas e nenos dende as primeiras idades (García Fernández, 2015); non só por ser unha actividade propia do ser humano senón tamén porque as cativas e cativos desenvólvense a través do movemento, e o xogo non só o permite senón que o fomenta (Benítez, 2009). Dous exemplos de propostas nas que se emprega o xogo como fío conductor da aprendizaxe poderían ser:

- Unha proposta didáctica deseñada para o terceiro ciclo de EP (5º e 6º curso) na que se traballa a EF e as ciencias naturais conxuntamente, realizando unha serie de xogos de stalking nos que se estudan os hábitos alimenticios dos animais nocturnos (Angosto et al., 2016).
- O proxecto “Me muevo y aprendo inglés” destinado ao alumnado de 1º e 2º curso de EP para a aprendizaxe dos contidos desta área dunha forma diferente, realizando clases no patio e no ximnasio e collendo o movemento como fío das sesións. Ademais, deste proxecto realizouse un estudo para comprobar o impacto que tivo no alumnado, chegando á conclusión de que este tipo de sesións gustan e motivan moito máis que as tradicionais; fomentando a interacción e relacións entre iguais e contribuindo á mellora do rendemento, competencia comunicativa nas destrezas orais e predisposición, entre outros (Alías, 2011).

A través dos cales podemos comprobar como, o movemento, tratado dunha forma lúdica, si pode ter espazo nas aulas.

Recapitulando, pódese afirmar que o movemento non é só beneficioso para a saúde humana senón que, empregado nas aulas, logra fomentar e mellora a aprendizaxe do alumnado, contribuindo á súa atención, memoria, rendemento... e reducindo os niveis de estrés. En

definitiva, é un recurso de aprendizaxe que debería estar presente na dinámica habitual das aulas de EP, independentemente da materia ou área que se estea a traballar.

2. Obxectivo

Os obxectivos deste Traballo Fin de Grao son:

- Coñecer se se emprega ou non o movemento corporal nas aulas galegas de EP como recurso de aprendizaxe.
- Coñecer as diferenzas entre as valoracións do profesorado sobre o movemento corporal e o seu papel nas aulas en función de se o empregan ou non no seu día a día docente.

3. Poboación e mostra

A poboación obxecto de estudo é o conxunto de mestres e mestras de EP en activo da CA de Galicia. Pola súa banda, a mostra analizada está conformada finalmente por un total de 160 mestres e mestras que respostaron á enquisa elaborada ad hoc para este estudo.

Na Táboa 1, preséntase a mostra distribuída segundo o xénero e idade. Pódese observar unha porcentaxe de participación superior de docentes de xénero feminino (81,25%), mentres o rango de idade predominante sitúase entre os 36 e os 65 anos.

Táboa 1

Distribución da mostra en función do xénero e da idade do profesorado

		Frecuencias	% do Total
Xénero	Feminino	130	81.25%
	Masculino	28	17.50%
	Outro	2	1.25%
Idade	Menos de 35	22	13.75%
	Entre 36 e 55	88	55.00%
	Entre 56 e 65	49	30.63%
	Máis de 65	1	0.63%

4. Instrumento e materiais

A ferramenta seleccionada para a recollida de datos foi un cuestionario ad hoc (Anexo I), instrumento estandarizado que permite recoller información de forma estruturada sobre unha mostra de persoas que representan unha poboación determinada, axudando a xerar datos cuantitativos para o seu tratamento e análise estatístico (Meneses, 2016).

O cuestionario deseñouse segundo a referencia da “Declaración da iniciativa CHERRIES: adaptación ao castelán de directrices para a comunicación de resultados de cuestionarios e enquisas online” (López-Rodríguez, 2019) e empregando a ferramenta Microsoft Forms, coa supervisión do titor para a elaboración das diferentes preguntas atendendo ao obxecto de estudo. As preguntas que conforman a ferramenta para a recollida de datos son de resposta pechada, coa finalidade de limitar a liberdade de resposta da mostra de poboación para facilitar a análise estatística e a interpretación dos resultados. Integráronse preguntas de resposta única e con escalas que seguen o modelo Linkert, con 5 niveis diferenciados.

Unha vez rematado o deseño e elaboración do cuestionario, redactouse un texto explicativo e procedeuse a difundilo a través da aplicación de mensaxe instantánea Whatsapp. Escolleuse esta forma de divulgación porque é facilmente accesible para a poboación á que vai dirixido o cuestionario e porque permite que o enlace chegue a numerosos grupos de persoas, que poden contestalo en cuestión de minutos e unicamente empregando un dispositivo móbil.

5. Procedemento

O presente traballo de investigación iníciase no mes de novembro de 2022, coa revisión das posibles liñas temáticas e a concreción do tema sobre o que xiraría o estudo a desenvolver, neste caso, a presenza do movemento corporal como recurso de aprendizaxe nas aulas de EP.

Tras a selección do tema, procedeuse a realizar unha revisión bibliográfica non sistemática sobre este, para estruturar e desenvolver o marco teórico do traballo centrado nos beneficios da AF para a saúde, o movemento corporal na normativa educativa, o movemento corporal dende o punto de vista pedagóxico e o movemento corporal como ferramenta de aprendizaxe. Ao rematar esta fase, no mes de febreiro de 2023, e tendo xa interiorizada a

fundamentación teórica sobre o tema obxecto de investigación, comezáronse a determinar aquelas variables que, en base ao recollido do marco teórico, se consideraba necesario analizar e polo tanto a recoller no cuestionario ad hoc elaborado para o estudo.

Coa supervisión do titor do TFG, deseñouse un cuestionario empregando a ferramenta Microsoft Forms dirixido a mestres e mestras en activo de EP da CA de Galicia. Tras varias semanas de traballo, revisión, correccións e consultas, pechouse a versión definitiva da ferramenta para a recollida de datos. No mes de marzo de 2023, enviouse o enlace a través de Whatsapp chegando a difundirse en diferentes grupos de mestres e mestras.

Finalmente, despois dunha semana en activo e á vista de que o fluxo de respostas se foi reducindo ata non haber movemento, pechouse con 160 respostas.

5.1. Análise dos datos

Os resultados descritivos preséntase en frecuencias absolutas (f_i) e frecuencias relativas (n_i) para aquelas variables categóricas ou media (M) e desviación típica (DT) para as variables continuas. A normalidade destas variables continuas analizouse mediante a proba de Shapiro-Wilk. As diferenzas entre as valoracións do profesorado en función de se usan ou non o movemento nas aulas, analizáronse mediante a proba de U de Mann-Whitney.

Para todas as análises o nivel de significación estatística estableceuse en $p < 0.05$.

Para as análises estatísticas utilizouse o software Jamovi V.2.3 (The Jamovi Project, 2022).


6. Resultados

6.1. Centro educativo

Comezando polos centros educativos nos que exercen os docentes da mostra, hai que indicar que están representados centros rurais, semi-urbanos e urbanos, distribuídos de forma semellante, tal e como se pode observar na Figura 1.

Figura 1

Distribución dos centros da mostra segundo a contorna



En cambio, en canto á tipoloxía do centro, é importante salientar que o 98.13% dos centros nos que exerce o profesorado que conforma a mostra, son de carácter público. En relación ao alumnado total co que contan os centros, o 53.13% destes teñen entre 51 e 300 discentes (Táboa 2); e a ratio de alumnado por grupo aula é de máis de 20 nenas e nenos no 60.62% dos casos.

Táboa 2*Frecuencias do número total de alumnado do centro*

Número total do alumnado do centro	fi	ni
Menos de 50	2	1.25%
Entre 51 e 300	85	53.13%
Entre 301 e 500	47	29.38%
Máis de 500	26	16.25%

6.2. Perfil do Profesorado

Como xa se comentou anteriormente, neste estudo participaron 160 docentes en activo de EP da CA de Galicia.


Tomando como referencia os anos en exercicio, cómpre sinalar que o 68.1% do profesorado que respondeu ao cuestionario leva máis de 16 anos exercendo. Pola súa banda, se se analiza o tempo traballado no centro actual, este repártese case a partes iguais nos tres tramos de anos recollidos no cuestionario: 2 anos ou menos (30%), de 2 a 10 anos (34.38%) e máis de 10 anos (35.63%). Con respecto á función do persoal docente nos centros, é necesario indicar que o 60% das persoas que constitúen a mostra son mestras titoras e mestres titores, e o 40% especialistas, tal e como se recolle na Táboa 3.

Táboa 3*Función docente principal da mostra no centro actual*

Función docente principal no centro actual	fi	ni
Mestra/e de Educación física	10	6.25%
Mestra/e de Música	6	3.75%
Mestra/e de Audición e Linguaxe (AL)	9	5.63%
Mestra/e de Pedagogía Terapéutica (PT)	12	7.50%
Mestra/e de Inglés	16	10.00%
Outro	11	6.88%
Titor/a do grupo-aula	96	60.00%

Profundizando máis na función docente, hai que sinalar que o 17.70% do profesorado titor tamén imparte outras materias, maioritariamente música e danza.

En relación cos cursos nos que o profesorado titor que compón a mostra imparte clase, existe unha distribución semellante nos diferentes niveis (Figura 2), a pesar de que houbo unha perda de respostas nela, contestando soamente 86 docentes, das 96 persoas titoras.

Figura 2*Cursos titorizados polo profesorado titor*

En canto ao profesorado especialista, hai que salientar que algo máis da metade, concretamente o 56.5%, imparte docencia en todos os cursos de EP (Táboa 4).

Táboa 4

Cursos nos que imparten docencia os e as especialistas da mostra

En que curso/s imparte docencia?	fi	ni
En todos os cursos de EP	35	56.45%
No 1º ciclo de EP (1º e 2º)	6	9.68%
No 1º e no 2º ciclo de EP	4	6.45%
No 2º ciclo de EP (3º e 4º)	3	4.84%
No 2º e no 3º ciclo de EP	8	12.90%
No 3º ciclo de EP (5º e 6º)	6	9.68%

6.3. Valoración xeral do emprego do movemento corporal nas aulas de educación primaria

En xeral, a maior parte do profesorado que participou neste estudo considera que o movemento corporal é necesario nas escolas para o desenvolvemento integral do alumnado de EP. O 81,88% do persoal docente puntuou con 4 ou 5 nunha escala 1-5, sendo 1 o valor máis baixo e 5 o máis alto. A media obtida das respostas do profesorado é de 4.3 sobre 5, cunha DT de ± 0.8 .

Respecto á valoración que lle dan os e as docentes ao emprego do movemento corporal en diferentes situacións, esta é xeralmente positiva (Táboa 5).

Táboa 5*Valoración do profesorado sobre o emprego do movemento corporal en diferentes situacións**f_i(n_i)*

	1	2	3	4	5	M ± DT
Lingua galega e literatura e lingua castelá e literatura	3 (1.9)	17 (10.6)	28 (17.5)	96 (60.0)	16 (10.0)	3.7 ± 0.9
Ciencias sociais	3 (1.9)	14 (8.8)	19 (11.9)	102(63.8)	22 (13.8)	3.8 ± 0.9
Ciencias da natureza	1 (0.6)	10 (6.3)	14 (8.8)	100(62.5)	35 (21.9)	4.0 ± 0.8
Matemáticas	3 (1.9)	12 (7.5)	20 (12.5)	101(63.1)	24 (15.0)	3.8 ± 0.8
Inglés	3 (1.9)	11 (6.9)	15 (9.4)	104(65.0)	27 (16.9)	3.9 ± 0.8
Educación física	0 (0.0)	1 (0.6)	0 (0.0)	10 (6.3)	149(93.1)	4.9 ± 0.3
Música e danza	0 (0.0)	1 (0.6)	0 (0.0)	7 (4.4)	152(95.0)	4.9 ± 0.3
Educación plástica e visual	0 (0.0)	4 (2.5)	10 (6.3)	81 (50.6)	65 (40.6)	4.3 ± 0.7
Valores, Proxecto Competencial, Relixión e outras materias	0 (0.0)	9 (5.6)	22 (18.1)	100(62.5)	29 (18.1)	3.9 ± 0.7
Recreo	0 (0.0)	1 (0.6)	1 (0.6)	15 (9.4)	143(89.4)	4.9 ± 0.4
Actividades extraescolares	0 (0.0)	3 (1.9)	3 (1.9)	24 (15.0)	130(81.6)	4.8 ± 0.6
Fóra da escola	0 (0.0)	3 (1.9)	2 (1.3)	17 (10.6)	138(86.3)	4.8 ± 0.5

Centrando o foco de atención na valoración que lle da a mostra á influencia que pode ter o movemento corporal no alumnado para a mellora de diferentes aspectos, comentar que unha gran porcentaxe do profesorado considera que o movemento nas aulas contribúe positiva ou moi positivamente a diferentes cuestións (Táboa 6). Destácase a influencia que ten o

movemento na motivación, valorada, segundo o 55.6% do profesorado con unha puntuación de 5 nunha escala 1-5, sendo 1 o valor máis baixo e 5 o máis alto.

Táboa 6

Valoración da influencia do movemento en determinadas cuestións

	M ± DT
Mellora do rendemento nas diferentes áreas de aprendizaxe	4.3 ± 0.7
Facilita a adquisición de conceptos	4.2 ± 0.7
Mellora na atención, concentración e memoria do alumnado	4.3 ± 0.7
Contribución á motivación das nenas e dos nenos	4.5 ± 0.6

6.4. Emprego do movemento nas aulas de educación primaria

Analizando o emprego ou non de movemento corporal nas aulas dos docentes da mostra, pódese afirmar que o 86.88% do profesorado que participou na investigación considera que si que o emprega, fronte a un 13.13% que contesta negativamente.

Na Táboa 7, podemos observar a frecuencia coa que dito profesorado (unha mostra de 139 persoas) emprega o movemento corporal na aula co alumnado.

Táboa 7

Frecuencia coa que a mostra emprega o movemento na aula

Con canta frecuencia emprega o movemento na aula?	fi	ni
Algunha vez ao mes	3	2.16%
Algunha vez á semana	60	43.17%
Todos os días, independentemente da materia	76	54.68%

En canto ao momento no que o adoitan empregar, atopámonos con dous resultados principais, ao inicio do día (36.15%) e ao final do día (39.23%) fronte a xusto antes do recreo (13.85%) e xusto despois do recreo (10.77%). Ademais, o 64.23% do profesorado afirma

empregar o movemento corporal na aula tanto como apoio a determinadas explicacións coma descansos activos.

Profundizando máis en para que emprega o profesorado o movemento na aula, salienta que o 49.3% deste valora cun 5 nunha escala 1-5, sendo o 1 o valor máis baixo e 5 o máis alto, que o empregan porque axuda ao alumnado a liberar estrés e carga académica. Por outra banda, un 53.3% do profesorado valora cun 5 a importancia que o movemento axude a relaxar ao alumnado para que o empreguen na aula. En xeral, todos os motivos expostos son valorados moi positivamente polo persoal docente (Táboa 8).

Táboa 8

Motivos polos que o profesorado emprega o movemento nas aulas

	M ± DT
Porque axuda ao alumnado a liberar estrés e carga académica	4.4 ± 0.9
Porque axuda a mellorar a atención do alumnado na aula	4.3 ± 0.8
Para motivar aos nenos e nenas nas diferentes propostas	4.3 ± 0.9
Para mellorar a aprendizaxe do alumnado	4.3 ± 0.8
Para relaxar ás cativas e cativos	4.4 ± 0.8
Para divertir ao alumnado	4.2 ± 0.8

6.5. Non emprego do movemento nas aulas de educación primaria

Por outro lado, ao profesorado da mostra que non emprega o movemento corporal na aula (21 persoas), pedíuselle que valorase nunha escala 1-5 (1: nada importante; 2: pouco importante; 3: indiferente; 4: importante; 5: moi importante) os motivos que consideraban que influían na súa decisión de non empregar o movemento corporal nas aulas (Táboa 9).

Táboa 9

Motivos polos que o profesorado non emprega o movemento nas aulas fi(ni)

	1	2	3	4	5
Falta de tempo para preparar e desenvolver as actividades programadas	0 (0.0)	1 (5.3)	3 (15.8)	8 (42.1)	7 (36.8)
Falta de espazos adecuados	1 (5.0)	2 (10.0)	1 (5.0)	9 (45.0)	7 (35.0)
Falta de información	0 (0.0)	2 (11.1)	2 (11.1)	8 (44.4)	6 (33.3)

6.6. Formación do profesorado

Centrando o foco de atención nas respostas sobre a formación que recibiu o persoal docente enquisado para empregar o movemento corporal como ferramenta educativa nas aulas de EP hai que destacar que, só o 24.38% recibiu na súa formación inicial (Táboa 10).

Táboa 10

Formación recibida pola mostra relacionada co movemento corporal

Recibiu vostede algún tipo de formación relacionada co uso do movemento corporal como ferramenta educativa transversal nas aulas de EP?	fi	ni
Si, na miña formación inicial	12	7.50%
Si, en actividades e/ou cursos de formación permanente	52	32.50%
Si, ambas as anteriores	27	16.88%
Non	69	43.13%

En canto á valoración outorgada polo profesorado á importancia e adecuación da formación recibida, é preciso sinalar que o 23.08% a puntuou cun valor de 5 nunha escala 1-5, sendo 1 o valor máis baixo e 5 o máis alto, e o 43.96% cun valor de 4.

Xa para finalizar, comentar que o 95.65% do profesorado opina que, se tivera recibido formación adecuada si que empregaría o movemento corporal como ferramenta educativa nas aulas.

6.7. Relacións entre as respostas do profesorado que emprega o movemento nas aulas e o que non o fai

Cabe comentar que na análise dos resultados atopouse unha relación estatisticamente significativa entre o profesorado que que emprega e non emprega o movemento na aula e a valoración que lle outorga á importancia deste.

O persoal docente que emprega o movemento outórgalle unha puntuación media de 4.4 nunha escala 1-5 á necesidade que ten o alumnado de EP de movemento corporal na escola, cunha DT de ± 0.8 fronte ao profesorado que non emprega o movemento na aula, no que a valoración media é de 3.6 sobre 5, cunha DT de ± 0.9 .

Non obstante, atopáronse diferenzas estatisticamente significativas, entre o profesorado que usa e non usa o movemento nas aulas, respecto da valoración que lle da ao seu emprego en diferentes materias (Táboa 11).

Táboa 11

Diferenzas sobre a valoración do uso do movemento en determinadas materias entre o profesorado que o utiliza e o que non

	Total	Si usa	Non usa	P-valor
	M ± DT	M ± DT	M ± DT	
Educación física	4.9 ± 0.3	4.9 ± 0.3	4.8 ± 0.4	0.020
Música e Danza	4.9 ± 0.3	4.9 ± 0.3	4.8 ± 0.4	0.039
Recreo	4.9 ± 0.4	4.9 ± 0.4	4.7 ± 0.6	0.004
Fóra da escola	4.8 ± 0.5	4.8 ± 0.5	4.6 ± 0.8	0.031
Actividades extraescolares	4.8 ± 0.6	4.8 ± 0.5	4.4 ± 1.0	0.044
Educación Plástica e Visual	4.3 ± 0.7	4.4 ± 0.7	3.9 ± 0.7	0.002
Ciencias da Natureza	4.0 ± 0.8	4.1 ± 0.7	3.4 ± 1.1	0.001
Valores, Proxecto Competencial, Relixión e outras materias	3.9 ± 0.7	4.0 ± 0.7	3.4 ± 0.7	<0.001
Inglés	3.9 ± 0.8	4.0 ± 0.8	3.3 ± 1.0	<0.001
Matemáticas	3.8 ± 0.8	3.9 ± 0.8	3.2 ± 1.1	<0.001
Ciencias Sociais	3.8 ± 0.9	3.9 ± 0.8	3.1 ± 1.1	<0.001
Lingua Galega e Literatura e Lingua Castelá e Literatura	3.7 ± 0.9	3.7 ± 0.8	3.1 ± 1.0	0.002

Nota. Total = totalidade da mostra. Si usa = parte da mostra que emprega o movemento nas aulas. Non usa = parte da mostra que non emprega o movemento nas aulas

Por outra banda salientar que na influencia do emprego do movemento para mellorar ou fomentar certos aspectos do alumnado na aula tamén se atoparon relacións estatisticamente significativas (Táboa 12).

Táboa 12

Relación da valoración que lle da o profesorado que emprega o movemento corporal e o que non aos beneficios que ten empregar o movemento na aula

	Total M ± DT	Si usa M ± DT	Non usa M ± DT	P-valor
Mellora do rendemento nas diferentes áreas de aprendizaxe	4.3 ± 0.7	4.4 ± 0.7	3.8 ± 0.7	<0.001
Facilita a adquisición de conceptos	4.2 ± 0.7	4.3 ± 0.7	3.7 ± 0.6	<0.001
Mellora na atención, concentración e memoria do alumnado	4.3 ± 0.7	4.3 ± 0.7	4.0 ± 0.7	0.027
Contribución a motivación das nenas e nenos	4.5 ± 0.6	4.6 ± 0.5	4.2 ± 0.7	0.009

Nota. Total = totalidade da mostra. Si usa = parte da mostra que emprega o movemento nas aulas. Non usa = parte da mostra que non emprega o movemento nas aulas

Cabe salientar que un 81.3% do profesorado que non emprega o movemento corporal na aula considera que se tivera recibido formación, empregaríao como ferramenta educativa.

Analizáronse tamén as diferenzas entre as valoración do profesorado que emprega e non emprega o movemento en relación ao xénero, á idade e aos anos que leva exercendo, non atopando diferenzas estatisticamente significativas, motivo polo cal xa non se recolleron no apartado de resultados.

7. Discusión

A AF, como xa se comentou anteriormente, enténdese como calquera tipo de movemento corporal que implique un gasto de enerxía (OMS, 2022), contribuindo a mellorar a saúde física e mental das persoas, favorecendo o seu benestar e prevendo a aparición de diferentes enfermidades (Gualdi-Russo e Zaccagni, 2021). O movemento corporal non só aporta numerosos beneficios a nivel persoal, senón que desempeña un papel fundamental no desenvolvemento do ser humano, xa que implica unha estimulación cerebral integral (Cortés Cortés et al., 2021).

Actualmente existe un problema de sedentarismo e inactividade física altamente estendido na sociedade, xa dende a infancia e a adolescencia (Abarca-Sos et al., 2014), debido, entre outros motivos, ao ocio asociado ás tecnoloxías (Chacón-Cuberos et al., 2020). Os estilos de vida inactivos xorden como consecuencia da influencia e dos hábitos da sociedade; hábitos que foron alterados a nivel mundial debido, entre outros motivos, á pandemia da Covid-19. Na maioría de países do mundo, produciuse un cambio no estilo de vida dos nenos e nenas debido ás restricións de saídas, peches de parques, cese de actividades, etc. (Villaquiran et al., 2020), o que contribuíu a aumentar os estilos de vida sedentarios, a inactividade física e a obesidade na infancia (Jiménez-Parra e Valero-Valenzuela, 2023; Palma-Lozano, et al., 2021).

Parece necesario, polo tanto, aumentar os niveis de AF e movemento corporal dende as primeiras idades, tratando de chegar ao recomendado pola OMS (2022), realizar 60 minutos de AF ao día entre os 5 e os 17 anos. Ademais, segundo Sánchez et al. (2019), un dos principais beneficios da práctica de AF dende a infancia é manter esa práctica na vida adulta, pero soamente se da cando dende pequenos/as se motiva e se anima a facelo. Polo tanto, dende a educación é necesario concienciar, dar pautas e motivar ao alumnado de seguir un estilo de vida activo ou de volver a el, no que a AF sexa habitual (González-Cutre, 2014), aproveitando, ademais, os diferentes beneficios cognitivos e pedagóxicos que pode ter integrar o movemento corporal nas aulas.

Os obxectivos principais da presente investigación eran coñecer se o movemento está ou non presente nas aulas de EP da CA de Galicia e coñecer as diferenzas entre as valoracións do profesorado sobre o movemento nas aulas en función de se o empregan ou non no seu día a día docente. En relación con estes, e coa adquisición dos mesmos, cómpre destacar a alta

valoración que lle da a gran maioría do profesorado á importancia do emprego do movemento nas escolas entre o alumnado de EP, coincidindo coa opinión de diversos autores que afirman que o movemento é fundamental para o desenvolvemento integral do ser humano (Bolaños, 2006; Jones-Jofré et al. 2022; Sánchez e Samada, 2020), podendo ser ademais, unha ferramenta con gran potencial a nivel pedagóxico (Bassoli, 2021; Doherty e Forés, 2020; Supartini et al., 2020). No relativo á normativa oficial, o *DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, pon énfase na importancia do movemento como recurso ou estratexia de ensino-aprendizaxe nas áreas de EF e de música e danza; isto, na presente investigación, vese reflexado coa elevada valoración que o profesorado lle outorga á importancia do movemento nestas dúas áreas. Porén, neste mesmo decreto, tamén se fala do emprego do movemento como elemento transversal e integral para o desenvolvemento doutros aspectos, e que debe promocionarse dende todas as áreas do currículo integrándoo na xornada escolar.

O movemento, tal e como se comentou anteriormente, produce diferentes beneficios a nivel cognitivo, entre os que destaca o aumento da capacidade de rendemento nas diferentes áreas de aprendizaxe, algo que afirma Bolaños (2006) e co que unha gran maioría do profesorado analizado nesta investigación, coincide, valorando, de forma moi positiva (o 40%) e positiva (o 54.4%) á influencia que ten este no rendemento das nenas e nenos.

Segundo os resultados obtidos no presente estudo, cabe salientar a alta valoración que lle conceden os e as docentes aos diferentes beneficios que pode ter o emprego do movemento nas aulas, para ensinar contidos de forma interdisciplinaria conseguindo que as aprendizaxes sexan máis significativas para o alumnado e máis difíciles de esquecer (Rebolo e Ascenso, 2019). Por outra banda, o movemento corporal activa diferentes zonas cerebrais, e, integrado no horario escolar, mellora o rendemento académico, aumentando os niveis de concentración, atención e memoria nas aulas (Chacón-Cuberos et al., 2020; Pastor-Vicedo, et al., 2021). Isto vese reflexado no estudo, o 95.6% do profesorado que afirma empregar o movemento lle da unha alta importancia a este factor.

O movemento corporal tamén pode axudar e fomentar a adquisición de conceptos (Learreta e Ruanos, 2021) e a aprendizaxe en xeral, aspectos importantes tamén para o profesorado

deste estudio. Ademais, autores como Méndez-Giménez (2019), afirman que o movemento nas aulas contribúe á motivación dos estudantes, coincidindo coa visión da práctica totalidade do profesorado participante na investigación recollida neste documento, segundo a cal esta influencia é moi positiva.

A pesares do visto anteriormente e de que unha alta porcentaxe da mostra de profesorado, concretamente o 86.88%, afirma empregar o movemento corporal na aula, só a metade deles o emprega todos os días, logrando integralo na rutina escolar. Isto, segundo Jiménez-Parra et al., 2022, pódese xustificar debido ao mantemento, en moitos casos, das metodoloxías tradicionais na etapa de EP, que fundamentan que as nenas e nenos deben dedicar gran parte do seu tempo a aprendizaxes estáticos. Aínda así, outros autores coma Vale e Barbosa (2023), afirman que nas metodoloxías activas a presenza da dimensión física na rutina escolar tamén é escasa, xa que, a pesar da súa relevancia no proceso de aprendizaxe, se lle da unha maior importancia a outras dimensións, concretamente á dimensión cognitiva e á social.

Segundo o presente estudo, a meirande parte do profesorado da mostra si que emprega o movemento nas aulas, porén, aqueles e aquelas que non o empregan xustificano pola falta de formación. Se ben é certo que existen diferentes formas de integrar o movemento, á vista dos resultados desta investigación, parece que non se ensinan na formación inicial do profesorado. Neste sentido, moitas mestras e mestres consideran que, se se emprega e fomenta o movemento corporal na aula, estéselle roubando tempo aos contidos a desenvolver (De la Torre et al., 2020). Á vista desta situación, parece que é necesaria incorporar nesa formación inicial estratexias para integrar o movemento corporal e a AF nas aulas (Carriedo e Cecchini, 2019; De La Torre et al., 2020; Mayorga-Vega, 2020).

Por outra banda, é preciso mencionar a relación que se atopou neste estudo entre o profesorado que emprega o movemento nas aulas, e que sabe como empregalo, e a valoración que lle da aos beneficios que este ocasiona no alumnado. A este respecto, parece que a falta formación e a falta coñecemento para que mestras e mestres se sintan seguros integrando esta ferramenta no seu día a día, condiciona o seu uso. De tal xeito, cómpre insistir na importancia que pode ter a integración de estratexias e contidos sobre o movemento corporal como estratexia educativa, dentro dos plans de estudos do Grao (Carriedo e Cecchini, 2019; De La Torre et al., 2020; Mayorga-Vega, 2020).

Conclusión

Á vista da extensa evidencia científica existente, parece difícil rebater os beneficios que ten o movemento corporal para o ser humano, e máis concretamente para as nenas e nenos, mellorando a súa motivación e concentración nas aulas co consecuente incremento do rendemento académico.

Existe acordo entre o profesorado e gran parte da bibliografía consultada sobre a necesidade de que o movemento corporal estea máis integrado nas aulas, pola súa importancia no desenvolvemento integral do alumnado e polo seu papel como recurso educativo transversal.

O profesorado que non emprega o movemento nas aulas, a pesar de ser consciente dos numerosos beneficios que o movemento corporal lle aporta ao alumnado, non atopa o momento ou a forma de integralo na dinámica habitual da aula. O profesorado que emprega o movemento nas aulas valora de forma positiva esa experiencia, o que abre portas para que, o profesorado que non emprega o movemento se forme ao respecto e comece a valoralo e utilízalo en maior medida.

Polo tanto, parece importante incorporar na formación inicial e continua do profesorado, estratexias e contidos específicos que axuden a introducir o movemento corporal nas aulas, como recurso educativo e tamén como ferramenta para incrementar os niveis de AF do alumnado e a promoción da saúde no contexto educativo.

Limitacións no estudo e futuras liñas de investigación

O desenvolvemento da investigación realizada e os resultados obtidos estiveron condicionados en gran medida pola mostra de poboación analizada, que non se pode considerar representativa do profesorado galego de EP. Podemos confirmar isto analizando os resultados descritivos da mostra: un 81.25 % das persoas que contestaron ao cuestionario son mulleres e o 80.6 % da mostra son mestres e mestras da provincia de A Coruña.

Cabe salientar que as dúas variables comentadas anteriormente non se tiveron en conta á hora de buscar relacións coas respostas que deu o profesorado sobre o movemento corporal nas aulas, debido a que non reflicten a poboación obxecto de estudo.

Por outra banda, atopáronse dificultades á hora de atopar bibliografía sobre o emprego do movemento nas aulas de EP, sen estar ligada á área de EF, xa que a meirande parte dos artigos atopados que falaban do movemento de maneira transversal, estaban enfocados na EI, que é a etapa na que máis se fomenta o movemento nas escolas.

En canto ás futuras liñas de investigación sería interesante realizar o cuestionario a un maior número de profesorado, de ambos xéneros e das 4 provincias, para comprobar a representatividade da CA. Por outra banda, poderíase realizar unha segunda investigación centrada no tipo de estratexias e de formas de integrar o movemento na aula que coñece o profesorado galego, podendo distinguir as ferramentas menos coñecidas e sobre as que debería existir máis formación. E xa para finalizar, cómpre comentar a necesidade de realizar máis estudos sobre o emprego do movemento como elemento transversal enfocados na etapa de EP.

Contribución á mellora das competencias profesionais

Para finalizar este Traballo de Fin de Grao cómpre comentar en que medida a realización do mesmo contribuíu á mellora das competencias profesionais do grao e que se levan traballando durante os 5 anos. Concretamente o traballo de investigación realizado permitiu colaborar cos sectores da comunidade educativa, especificamente con profesorado en activo da etapa de EP ademais de fomentar a formación en metodoloxías fisicamente activas, entendendo a dimensión educadora da función docente en canto á formación e integración de hábitos saudables.

Por outra banda, contribuíu ao desenvolvemento do pensamento crítico e autónomo de cara aos valores, saberes e institucións, permitindo reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar a labor docente en función das necesidades do alumnado desta etapa

educativa. Neste senso, cómpre comentar a revisión bibliográfica realizada que permitiu un achegamento ao deseño, planificación e avaliación da actividade docente en función do emprego ou non de movemento nas aulas, e da aprendizaxe conseguida con dita ferramenta.

Por último, é importante destacar que a realización do traballo permitiu investigar e coñecer experiencias innovadoras sobre como integrar o movemento como futura docente e que se poderían aplicar nas aulas de EP.

Referencias bibliográficas

- Abarca-Sos, A., Zaragoza, J., Martín-Albo, J. E García-González, L. (2014). Determinantes para la práctica de actividad física en adolescentes: Factores personales, sociales y ambientales que influyen los niveles de actividad física en Generelo, E. (coord), Zaragoza, J. (coord) e Julián, J. A. (coord), *Promoción de la actividad física en la infancia y la adolescencia*. Colección ICD.
- Alías, D. (2011). El valor didáctico del juego y del movimiento en la enseñanza del Inglés en el primer ciclo de Educación Primaria. *Campo Abierto*, 30(2), 23-41
- Angosto, S., Lorente, A., Ruiz, V. e Gómez-López, M. (2016). Aprender conocimiento del medio en educación primaria mediante los juegos de stalking. *TRANCES: Revista de Transmisión de Conocimiento Educativo y de la Salud*, 8(3), 175-196
- Arribas-Galarraga, S., Luis-de Cos, I., Luis-de Cos, G., Urrutia-Gutierrez, S. (2019). Aprendizaje cooperativo: un proyecto de expresión corporal en el grado de Educación Primaria. *Journal of Sport and Health Research*, 11(1), 155-166
- Bàssoli, A., Santana, D. e De Souza, V. (2021). O movemento como porta de acceso para a aprendizagem. *Retos: nuevas tendencias en educación física, deporte y recreación*, 41, 834-843. <https://doi.org/10.47197/retos.v41i0.84287>
- Benítez, M. I. (2009). El juego como herramienta de aprendizaje. *Innovación y experiencias educativas*, 16
- Blanco, M. J. (2009). Enfoques teóricos sobre la expresión corporal como medio de formación y comunicación. *Horizontes pedagógicos*, 11(1), 15-28
- Bolaños, G. (2006). *Educación por medio del movimiento y expresión corporal*. Editorial Universidad Estatal a distancia.
- Carriedo, A. e Cecchini, J. A. (2019). ¿Cómo aumentar la actividad física diaria dentro del horario escolar? Ejemplo de un proyecto de intervención interdisciplinar entre educación física y matemáticas. *Journal of Sport and Health Research*, 11(1), 221-230.

- Chacón-Cuberos, R., Zurita-Ortega, F., Ramírez-Granizo, I. E Castro-Sánchez, M. (2020). Actividad física y rendimiento académico en la infancia y la preadolescencia: una revisión sistemática. *Apunts. Educación física y Deportes*, 139, 1-9, [https://doi.org/10.5672/apunts.2014-0983.es.\(2020/1\).139.01](https://doi.org/10.5672/apunts.2014-0983.es.(2020/1).139.01)
- Chandler, P. e Tricot, A. (2015). Mind Your Body: the Essential Role of Body Movements in Children's Learning. *Educational Psychology Review*, 27(3), 365–370, <https://doi.org/10.1007/s10648-015-9333-3>
- Chen, J. e Lee, Y. (2013). Physical Activity for Health: Evidence, Theory, and Practice. *Journal of Preventive Medicine & Public Health*, 46(1), S1-S2. <https://doi.org/10.3961/jpmph.2013.46.S.S1>
- Cintra, O. e Balboa, Y. (2011). La actividad física: un aporte para la salud. *Lecturas: Educación física y Deportes*, 16(159)
- Cortés Cortés, M. E., Veloso, B. C. E Alfaro, A. A. (2014). Impacto de la actividad física en el desarrollo cerebral y el aprendizaje durante la infancia y la adolescencia. *IEYA: Infancia, Educación y Aprendizaje*, 7(1), <https://doi.org/10.22370/ieya.2021.7.1.1461>
- De la Torre, M. J., Brandao, V., López-Serrano, S. E Ruiz-Ariza, A. (2020). Diseño y creación de sesiones académicas físicamente activas, a través del aprendizaje cooperativo, para aspirantes a docentes de Educación Infantil y Primaria". Descripción de un proyecto de innovación docente en López, E. (Ed.), Cobos, D. (Ed.), Molina, L. (Ed.), Jaén, A. (Ed.) e Martín, A. H. (Ed.), *Claves para la innovación pedagógica ante los nuevos retos: respuestas en la vanguardia de la práctica educativa (1823-1828)*. Octaedro Editorial
- Dewey, J. (2020). *Experiencia e educación* (M. F. Vieites, Trad.). Kalandraka. (Trabajo orixinal publicado en 1938).
- Doherty A, e Forés A. (2020). Actividad física y cognición: inseparables en el aula. *JONED. Journal of Neuroeducation*, 1(1), 66-75. <https://doi.org/10.1344/joned.v1i1.31665>
- García Fernández, C. (2015). La importancia del juego en el proceso de enseñanza - aprendizaje en la Educación primaria. *Publicaciones Didácticas*, (65), 219-223

- García Jiménez, J. V., García-Pellicer, J. J. e Yuste, J. L. (2012). Expresión corporal en inglés. Modelo de sesión para educación primaria. *Revista Digital de Educación física*, 3(18), 7-17
- García Monge, A., Bores, C. e Martínez Álvarez, L. (2007). Innovación educativa. Aprender en la expresión y comunicación corporal escolar. *Ágora para la EF y el Deporte*, 4-5, 131-169
- González, J. A. (2004). La actividad física orientada a la promoción de la salud. *Escuela Abierta: revista de Investigación Educativa*, (7), 73-96.
- González-Cutre, D., Ferriz, R. e Beltrán-Carrillo, V. J. (2014). El modelo trans-contextual de la motivación: revisión conceptual y aplicación para la promoción de la actividad física y otros hábitos de vida saludables en niños y adolescentes en Generelo, E. (coord), Zaragoza, J. (coord) e Julián, J. A. (coord), *Promoción de la actividad física en la infancia y la adolescencia*. Colección ICD.
- Gualdi-Russo, E. e Zaccagni, L. (2021). Physical Activity for Health and Wellness. *International Journal of Environmental Research and Public Health*, 18(7823). <https://doi.org/10.3390/ijerph18157823>
- Jiménez-Parra, J. F., Manzano-Sánchez, D., Camerino, O., Castañer, M. e Valero-Valenzuela, A. (2022). Incentivar la actividad física en el aula con descansos activos: mixed methods. *Apunts Educación física y Deportes*, 147, 84-94, [https://doi.org/10.5672/apunts.2014-0983.es.\(2022/1\).147.09](https://doi.org/10.5672/apunts.2014-0983.es.(2022/1).147.09)
- Jiménez-Parra, J. F. e Valero-Valenzuela, A. (2023). Impact of an Interdisciplinary Educational Programme on Students' Physical Activity and Fitness. *Healthcare*, 11(9), <https://doi.org/10.3390/healthcare11091256>
- Jones-Jofré, J., Müller-Pérez, S. e Barraza-Gómez, F. (2022). Efecto de la asignatura de educación física en la percepción de los estudiantes frente al desarrollo de competencias genéricas. *Retos: nuevas tendencias en educación física, deporte y recreación*, 44, 496-503. <https://doi.org/10.47197/retos.v44i0.90654>

- Juliá, A. (2012, 15 de xullo). *Cómo se desarrolla la libertad en las Aulas Montessori, según las etapas evolutivas y las características psicológicas*. VII Congreso Internacional de Filosofía de la Educación: Educación, libertad y cuidado. http://www.asociacionmontessori.net/pdf/congreso_filo_%20edu_2012.pdf
- Learreta, B. e Ruano, K. (2021). *El cuerpo entra en la clase*. Narcea.
- López-Gajardo, M. A., Ponce-Bordón, J. C., Díaz-García, J. e Pulido, J. J. (2020). Propuesta de descansos activos para matemáticas e inglés en educación primaria. *TRANCES: Revista de Transmisión del Conocimiento Educativo y de la Salud*, 12(2), 105-118
- López-Rodríguez, J. A. (2019). Declaración de la iniciativa CHERRIES: adaptación al castellano de directrices para la comunicación de resultados de cuestionarios y encuestas online. *Atención Primaria*, 51(9), 586-591, <https://doi.org/10.1016/j.aprim.2019.03.005>
- Loreto, C. (2004). Deporte es salud: Los beneficios de la actividad física. *Índice: Revista de Estadística y Sociedad*, 10
- Márquez, S. (1995). Beneficios psicológicos de la actividad física. *Revista de psicología general y aplicada: Revista de la Federación Española de Asociaciones de Psicología*, 48(1-2), 185-206
- Mayorga-Vega, D. (2020, 10-11 de decembro). Metodología de enseñanza físicamente activa en estudiantes universitarios del Grado de Educación Infantil y Primaria: Un Proyecto de Innovación Docente. En REDINED (Ed.), *Edunovatic 2020. Conference Proceedings: 5th Virtual International Conference on Education, Innovation and ICT*, 227-230, Adaya Press. <https://doi.org/10.58909/adc22447986>
- Mazucca, S., Hales, D., Evenson, K. R., Ammerman, A., Tate, D. F., Berry, D. C. e Ward, D. S. (2018). Physical Activity Opportunities Within the Schedule of Early Care and Education Centers. *Journal of Physical Activity and Health*, 15(2), 73-81, <https://doi.org/10.1123/jpah.2017-0071>
- Méndez-Giménez, A. (2019). Resultados académicos, cognitivos y físicos de dos estrategias para integrar movimiento en el aula: clases activas y descansos activos. *SPORT TK:*

Revista Euroamericana de Ciencias del Deporte, 9(1), 63-74.

<https://doi.org/10.6018/spork.412531>

Meneses, J. (2016). El cuestionario en Fàbreques, S., Meneses, J., Rodríguez-Gómez, D. E Paré, H. (Eds). *Construcción de instrumentos para la investigación en las ciencias sociales y del comportamiento* (2ª ed.) UOC

Moreno, A., Calvo, C. e López, S. (2013). Aprender en y desde la motricidad humana: educación, escuela y mediación pedagógica. *Revista Iberoamericana de Educación*, 63, 203-216

Nielsen, A., Romance, A. R. E Chinchilla, J. L. (2020). Los ambientes de aprendizaje como metodología activa promotora de la actividad física en Educación Infantil. *Retos: nuevas tendencias en educación física, deporte y recreación*, 37, 498-504.
<https://doi.org/10.47197/retos.v37i37.71026>

Organización Mundial de la Salud [OMS] (2014). Constitución de la Organización Mundial de la Salud en Organización Mundial de la Salud, *Documentos básicos* (1-21, 48ª edición)

Organización Mundial de la Salud [OMS] (5 de octubre de 2022). *Actividad física*.
<https://www.who.int/es/news-room/fact-sheets/detail/physical-activity>

Palma-Lozano, D., Montes-Tarazona, H. E López-Sánchez, J. (2021). El COVID-19 y los estilos de vida en la infancia. *Revista Peruana de Ciencias de la Salud*, 3(3),
<https://doi.org/10.37711/rpcs.2021.3.3.333>

Pastor-Vicedo, J. C., Prieto-Ayuso, A., López Pérez, S. e Martínez-Martínez, J.(2021). Descansos activos y rendimiento cognitivo en el alumnado: una revisión sistemática. *Apunts Educación física y Deportes*, 146, 11-23. [https://doi.org/10.5672/apunts.2014-0983.es.\(2021/4\).146.02](https://doi.org/10.5672/apunts.2014-0983.es.(2021/4).146.02)

Peláez-Flor, V. e Prieto-Ayuso, A. (2021). Aprendo Moviéndome: programa de descansos activos para educación primaria. *SPORT TK-EuroAmerican Journal of Sport Sciences*, 10(2), 107-135. <https://doi.org/10.6018/spork.440761>

- Pérez, S., Domínguez, R., Sánchez, A. e Rodríguez, A. (2015). Beneficios y riesgos asociados en la actividad física para la salud. *Lecturas: Educación física y Deportes*, 20(208)
- Probst, A. (2008). Taller de movimiento-danza: dar forma y figura al movimiento. *Ágora para la EF y el Deporte*, 6, 43-50
- Rebolo, A. E Acenso, A. (2019). La Educación física, el juego en el patio y el aprendizaje en la infancia. *IEYA: Infancia, Educación y Aprendizaje*, 5(1), <https://doi.org/10.22370/ieya.2019.5.1.1376>
- Rodríguez-Barquero, V. (2008). El mejoramiento de la salud a través de la expresión corporal: un enfoque holístico. *Revista Reflexiones*, 87(1), 127-137
- Romero, A. (2003). Actividad física beneficiosa para la salud. *Lecturas: Educación física y deportes*, 63
- Sánchez García, A. e Samada, Y. (2020). La psicomotricidad en el desarrollo integral del niño. *Mikarimin. Revista Científica Multidisciplinaria*, 6(1), 121-138
- Sánchez Ruiz-Cabello, F. S., Campos, A. M., De la Vega, M., Cortés, O., Esparza, M. J., Galbe J., Gallego, A., García Aguado, J., Pallás, C. R., Rando, A., San Miguel, M. J., Colomer, J. E Mengual, J. M. (2019). Promoción de la actividad física en la infancia y la adolescencia (parte 1). *Revista Pediatría de Atención Primaria*, 21(83), 279-291
- Serrano, A., Azofeifa, A. e Vargas, A. (2008). Aprendizaje de las matemáticas por medio del movimiento: una alternativa más de la educación física. *Revista MHSalud*, 5(2).
- Supartini, T., Weismann, I. T. J., Wijaya, H. e Helaluddin. (2020). Development of Learning Methods through Songs and Movements to Improve Children's Cognitive and Psychomotor Aspects. *European Journal of Educational Research*, 9(4), 1615-1633. <https://doi.org/10.12973/eu-jer.9.4.1615>
- The Jamovi Project (2022). *Jamovi* (versión 2.3) [Software]. <http://www.jamovi.org>
- Vaca, M. J. (2007). Monográfico. Un proyecto para una escuela con cuerpo y en movimiento. *Ágora para la EF y el Deporte*, (4-5), 91-110

Vale, I. E Barbosa, A. (2023). Active learning strategies for an effective mathematics teaching and learning. *European Journal of Science and Mathematics Education*, 11(3), 573-588, <https://doi.org/10.30935/scimath/13135>

Villaquiran Hurtado, A. F., Ramos, O. A., Jácome, S. J., e Meza Cabrera, M. del M. (2020). Actividad física y ejercicio en tiempos de COVID-19. *CES Medicina*, 34, 51–58. <https://doi.org/10.21615/cesmedicina.34.COVID-19.6>

Anexos

Anexo I: Cuestionario

O movemento como recurso de aprendizaxe nas aulas de Educación Primaria

Bo día,

O profesorado e o alumnado do Grao en Mestre/a de Educación primaria da Universidade de Santiago de Compostela estamos a realizar unha investigación sobre o emprego do movemento como recurso de aprendizaxe nas escolas de Educación Primaria en Galicia.

O obxectivo desta enquisa é coñecer como se emprega o movemento do alumnado nas aulas, para que se emprega e a opinión do profesorado de Educación Primaria sobre as potencialidades e sobre a necesidade do movemento nas escolas.

A enquisa está dirixida a mestras e mestres de diferentes centros educativos galegos que traballen con alumnado da etapa educativa de Educación Primaria, independentemente da súa función dentro do centro. O tempo aproximado de resposta da enquisa é de 5 minutos.

Trátase dunha enquisa totalmente ANÓNIMA e VOLUNTARIA. Ao responder a este cuestionario, outórgalle o seu consentimento aos responsables do estudo para que publiquen os resultados en informes ou traballos científicos. Se ten algunha dúbida, por favor escriba ao seguinte enderezo electrónico: antia.albarellos@rai.usc.es

Agradecéndolle de antemán a súa colaboración, reciba un cordial saúdo.

--

Os responsables do estudo actuarán segundo o establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.

* Necesaria

Datos xerais do centro educativo

1. Provincia na que se atopa o centro *

- A Coruña
- Lugo
- Ourense
- Pontevedra

2. Contorna do centro *

- Rural
- Semi-urbano
- Urbano

3. Tipoloxía do centro *

- Público
- Privado
- Concertado

Datos xerais do alumnado do centro

4. Número total de alumnado do centro *

- Menos de 50
- Entre 51 e 300
- Entre 301 e 500
- Máis de 500

5. Cal é a ratio aproximada de alumnado nos grupos-aula de Educación primaria? *

- Menos de 10 alumnos por aula
- Entre 10 e 15
- Entre 16 e 20
- Máis de 20

Datos xerais do/a docente

6. Xénero *

- Masculino
- Feminino
- Outro

7. Idade *

- Menos de 35
- Entre 36 e 55
- Entre 56 e 65
- Máis de 66

8. Anos en exercicio *

- 1 ano, funcionario/a en prácticas
- Entre 2 e 15 anos
- Entre 16 e 25 anos
- Máis de 25 anos

9. Anos como docente no centro actual *

- 2 anos ou menos
- De 2 a 10 anos
- Máis de 10 anos

10. Función docente principal no centro actual *

- Titor/a do grupo-aula
- Mestra/e de Música
- Mestra/e de Educación Física
- Mestre/a de inglés
- Mestre/a de Pedagogía Terapéutica (PT)
- Mestre/a de Audición e Linguaxe (AL)
- Outro

11. No caso de ser mestre/a titor/a imparte tamén...?

- Educación Física
- Música e Danza / Educación Artística - Música
- Língua Extranxeira

Datos do alumnado específico

EN CASO DE SER TITOR/A

12. Que grupo-aula titoriza?

- 1º de Educación Primaria
- 2º de Educación Primaria
- 3º de Educación Primaria
- 4º de Educación Primaria
- 5º de Educación Primaria
- 6º de Educación Primaria

13. Cantos alumnos e alumnas hai na súa aula?

- Menos de 10
- Entre 10 e 15
- Entre 15 e 20
- Máis de 20

Datos do alumnado específico

EN CASO DE SER ESPECIALISTA

14. En que curso/s imparte docencia?

- No 1º ciclo de Educación Primaria (1º e 2º)
- No 2º ciclo de Educación Primaria (3º e 4º)
- No 3º ciclo de Educación Primaria (5º e 6º)
- No 1º e no 2º ciclo de Educación Primaria
- No 2º e no 3º ciclo de Educación Primaria
- No 1º e no 3º ciclo de Educación Primaria
- En todos os cursos de Educación Primaria

O movemento corporal nas aulas

⋮

15. Puntúe do 1 ao 5, sendo o 1 o máis baixo e o 5 o máis alto, a necesidade que considera que existe no alumnado de Educación Primaria de movemento corporal na escola para o seu desenvolvemento integral *

1	2	3	4	5
---	---	---	---	---

16. A que idades considera que é necesario o movemento corporal para o desenvolvemento integral do alumnado? *

- A ningunha
- Soamente en Educación Infantil (0-6 anos)
- Soamente no 1º ciclo de Educación Primaria
- En Educación Infantil e no 1º ciclo de Educación Primaria
- Soamente no 2º ciclo de Educación Primaria
- No 1º e 2º ciclo de Educación Primaria
- Soamente no 3º ciclo de Educación Primaria
- Durante toda a etapa de Educación Infantil e Educación Primaria

17. Valore na seguinte escala, a importancia que considera que debe ter o movemento corporal nas seguintes situacións: *

	Nada importante	Pouco importante	Indiferente	Importante	Moi importante
En Lingua Galega e Literatura e en Lingua Castelá e Literatura	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
En Ciencias Sociais	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
En Ciencias da Natureza	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
En Matemáticas	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
En Inglés	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
En Educación Física	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
En Música e Danza	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
En Educación Plástica e Visual	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Nas materias de Valores, Proxecto Competencial, Relixión e outras materias	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
No recreo	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Nas actividades extraescolares	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Fóra da escola	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>

18. Valore na seguinte escala a influencia que considera que pode ter o emprego do movemento nas aulas *

	Moi negativa	Negativa	Neutra	Positiva	Moi positiva
Mellora no rendemento nas diferentes áreas de aprendizaxe	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Facilita a adquisición de conceptos	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Mellora na atención, concentración e memoria do alumnado	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Contribución á motivación das nenas e nenos	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>

19. Como docente emprega o movemento corporal na aula? *

- Sí
- Non

20. Con canta frecuencia emprega o movemento na aula?

- Todos os días, independentemente da materia
- Algunha vez á semana
- Algunha vez ao mes

21. En que momento do día adoita empregar máis o movemento na aula?

- Ao inicio do día
- Xusto antes do recreo
- Xusto despois do recreo
- Ao final do día

22. En que momento das sesións adoita empregar máis o movemento na aula

- Ao inicio da sesión
- Na metade da sesión
- Ao finalizar a sesión

23. Como adoita empregar o movemento na aula?

- Como descansos activos
- Como apoio a determinadas explicacións
- Ambas

24. Valore, na seguinte escala, a importancia que teñen os seguintes motivos para que vostede empregue o movemento corporal como recurso educativo na aula.

	Nada importante	Pouco importante	Indiferente	Importante	Moi importante
Porque axuda ao alumnado a liberar estrés e carga académica	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Porque axuda a mellorar a atención do alumnado na aula	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Para motivar aos nenos e nenas nas diferentes propostas	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Para mellorar a aprendizaxe do alumnado	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Para relaxar ás cativas e cativos	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Para divertir ao alumnado	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>

25. Valore, na seguinte escala, a importancia que teñen os seguintes motivos para que vostede non empregue o movemento corporal como recurso educativo na aula.

	Nada importante	Pouco importante	Indiferente	Importante	Moi importante
Falta de tempo para preparar e desenvolver as actividades programadas	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Falta de espazos adecuados	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Falta de formación	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>

Formación do profesorado

26. Recibiu vostede algún tipo de formación relacionada co uso do movemento corporal como ferramenta educativa transversal nas aulas de Educación primaria? *

- Si, na miña formación inicial.
- Si, en actividades e/ou cursos de formación permanente.
- Si, ambas as anteriores.
- Non.

27. Valore, do 1 ao 5, sendo 1 o máis baixo e 5 o máis alto, a importancia e adecuación da formación recibida para poder empregar o movemento como ferramenta de aprendizaxe nas aulas *

1	2	3	4	5
---	---	---	---	---

28. Se tivera recibido formación, empregaría vostede o movemento corporal como ferramenta educativa? *

- Si.
- Non.